



## Programa A Ponte

Os días 3 e 4 de marzo tivemos un Encontro co alumnado de 43 centros de ensino medio de toda Galicia, dentro do Programa A Ponte da USC.

Aproveitamos para explicarlle as peculiaridades dos nosos graos en Economía e ADE e os servizos que ofrece o noso centro. Ademais, puideron coñecer as nosas instalacións con visitas guiadas. Congratulámonos de poder ter de novo estos encontros despois de dous anos en que non se puideron facer de xeito presencial.



## 8 de marzo, Día da Muller

Celebramos o 8 de marzo, Día da Muller, iniciando a serie *Estudamos a economía e a empresa, Por amor á arte*, a través da que, pouco a pouco, iremos presentando as obras artísticas que embelecen a Facultade. Iniciamos a serie coa obra da escultora, Elena Colmeiro, unha artista audaz e pioneira. A obra seleccionada pódese contemplar no patio interior ao carón da aula B.

Así mesmo, con motivo desta celebración, deuse lectura ao Manifesto da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero das Universidades Españolas para a Excelencia Universitaria (RUIGEU).





## Aprendendo das empresas

Durante o segundo cuadrimestre do curso 21-22 tivo lugar o ciclo de conferencias *Aprendendo das Empresas*. Un conxunto de oito conferencias a cargo de egresados/as da facultade, co obxecto de aproximar a realidade profesional ao alumnado e afondar nas diferentes áreas funcionais da empresa.

APRENDENDO DAS EMPRESAS	
<b>23 de febreiro</b> <b>FISCALIDADE</b> Gerardo Díaz TELEFÓNICA	<b>9 de marzo</b> <b>LOXÍSTICA</b> Tamara Vázquez FINSA
<b>16 de marzo</b> <b>FINANCEIRA E CONTROL DE XESTIÓN</b> Lourdes Baliñas DENSO	<b>23 de marzo</b> <b>NEGOCIOS INTERNACIONAIS</b> Angel Lamas TORRE DE NUÑEZ
<b>30 de marzo</b> <b>RECURSOS HUMANOS</b> Cecilia Sierra UROVESA	<b>6 de abril</b> <b>DISTRIBUCIÓN COMERCIAL</b> Julio Rodríguez LEROY MERLIN
<b>20 de abril</b> <b>DIRECCIÓN XERAL</b> Raquel Cortizo ALUMINIOS CORTIZO	<b>27 de abril</b> <b>ADMINISTRACIÓN E CONTABILIDADE</b> Noelia Suárez CASTROSÚA
<b>4 de maio: Visita a Aluminios Cortizo</b>	

O alumnado tivo a posibilidade de coñecer as principais funcións da área fiscal e as ferramentas que se empregan a diario, os retos e dificultades aos que se enfrenta a área da loxística, o día a día do traballo da área financeira e de control de xestión, a experiencia dun departamento de exportación, as competencias máis relevantes no ámbito dos recursos humanos, a importancia da xestión de equipos e o coñecemento de produtos e clientes no campo da distribución comercial, a complexidade vinculada á Dirección Xeral e as principais tarefas e funcións da administración e o control.

Como punto final a este ciclo de conferencias, realizouse unha visita ás instalacións de Padrón de Aluminios Cortizo, S.A.

O alumnado que participou na visita tivo ocasión de observar con detalle o proceso productivo e coñecer de primeira man a organización desta empresa familiar cunha importante presenza internacional e unha forte aposta polo I+D+i.





## Formación complementaria para o noso alumnado



Co obxecto de complementar a formación que recibe o noso alumnado, durante o segundo cuatrimestre leváronse a cabo diferentes cursos.

Durante os meses de marzo e abril impartíuse un curso sobre o *sistema ERP Libra*. Este curso foi eminentemente práctico e a través do mesmo deuse unha visión xeral deste sistema de xestión integral e un manexo básico do programa incluíndo: módulos de compras, vendas, opcións de consultas e xeración de informes. Este curso foi impartido por Carlos Suárez, Daniel Melón e Minerva González de EDISA.

Tamén en marzo impartíuse na Facultade un curso sobre *o manexo e análise de datos co SPSS*. Este curso foi organizado polo Grupo GEM e impartido pola investigadora Mahsa Samsami.



Entre os meses de abril e maio impartíuse un curso co obxecto de introducir ao alumnado de 4º curso dos graos ou dos másteres impartidos na facultade no uso da contorna de *Power BI para a análise de*

*grandes volumes de datos e a área de Intelixencia de Negocios*. Este curso foi impartido polo profesor Alfonso Rodríguez Sandias do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade.

Por último, tamén no mes de abril, impartíuse un curso organizado polo grupo de investigación Valfinap sobre *a linguaxe de programación R*.



## Prácticas en empresa

Co fin de dar a coñecer a relevancia de realizar prácticas en empresa durante a súa formación, levouse a cabo unha reunión informativa sobre prácticas dirixida ao alumnado de 3º e 4º dos graos. As alumnas Clara Otero Pérez e Carlota Lias Pias contaron a súa experiencia coas prácticas xa realizadas.



Posteriormente, o día 30 de marzo saíu a convocatoria de prácticas na que se ofertaron 89 prazas a desenvolver entre os meses de maio e setembro para o alumnado de 3º e 4º dos nosos graos.

---

## Festividade do centro

O día 5 de abril, celebramos na Facultade, coa presenza do Reitor da Univerisidade, os actos da nosa festividade nos que se fixo un recoñecemento público á excelencia académica, mediante a entrega de diplomas acreditativos dos premios extraordinarios de grao de Economía e de ADE, dos premios extraordinarios dos diversos mestrados que se imparten no centro, do premio á excelencia lingüística na redacción de traballos de fin de grao.

Tamén se entregaron o premio ao mellor TFG con perspectiva de xénero, o premio do concurso Create na Universidade, o premio Fulget a Galletas DAVEIGA pola mellor iniciativa empresarial do ano e houbo un recoñecemento solidario ao Albergue Xoán XXIII.





## Feira dos libros libres

Entre o 17 de abril e o 17 de maio celébranse o Día do Libro e o Día das Letras Galegas. Na Facultade aproveitamos estas datas para celebrar por primeira vez unha *Feira dos libros libres*.



Centos de libros e revistas liberados para escoller e levar de forma totalmente gratuíta. A feira contou con unha participación moi elevada, finalmente distribuíronse gratuitamente uns 800 exemplares de libros e revistas usados e seminovos.

## Concurso de pintura CREATE

Nos meses de abril e maio tivo lugar a exposición dos/as participantes do *XI concurso de pintura CREATE* no hall da Facultade. Este ano o gañador foi Adrián Marmolejo coa obra "La mañana después, Charkiw".



En total, participaron 28 obras no certame.

Agardamos que nas vindeiras edicións continuemos contando con tanta participación.



## Formación para a empregabilidade

Co obxecto de axudar ao alumnado de cara á súa inserción laboral, tiveron lugar na Facultade dúas iniciativas.



Gisela Mato e Mari López do departamento de RRHH de FINSA dirixiron o taller práctico *Prepárate para afrontar os procesos de selección* no que se realizaron entrevistas telefónicas, presencias e pitches.



O alumnado de prácticas da Facultade e o que está rematando os seus estudos de grao tamén tivo a oportunidade de asistir á sesión *Estás preparad@ para o teu primeiro día de traballo?*

Antia Blanco Espiñeira do Departamento de recursos humanos de GalChimia fixo un interesante percorrido sobre pasos a seguir e consellos valiosos no comezo da vida profesional.

Ademais, como facemos habitualmente, aproveitamos as redes sociais para realizar difusión de diferentes ofertas de emprego que poden ser de interese para o noso alumnado.



**Séguenos nas nosas redes sociais**



## Captación de talento

Durante estes meses, realizáronse na Facultade diferentes iniciativas enfocadas a orientar ao alumando de cara a súa inserción laboral. Así, levouse a cabo a presentación de *Deloitte*. Beatriz Pérez-Colomer, Senior Manager de RRHH, Daniel Santana Nogueira, egresado da Facultade, de Deloitte Legal e Adrián



Conde Barreiro de Financial Advisory viñeron coñecer ao noso alumando e a explicar as opcións de carreira profesional nesta empresa de servizos.



Fabián Negreira García ex alumno da Facultade e Abel Martínez Felípez, ambos do Departamento de Capital Humano da entidade xunto con Isaac Rubio, do Departamento de Banca electrónica e móbil e Pilar Otero e David Padín Varela de Negocio Dixital

tamén antig@s alumn@s do Centro, visitáronnos para dar a coñecer novas formas de negocio no sector bancario e presentar o programa de talento de *ABANCA*.

Poidemos contar tamén coa charla de Imelda Capote Martín (Delegada Especial de AEAT Galicia) e Patricia Cardador González (Inspectora Coordinadora Delegación Especial), na que se afondou



nas vantaxes de traballar na *AEAT* e o contido e formato das oposicións que dan entrada a este corpo de funcionarios nos seus distintos niveis, destacando que os estudos de ADE e Economía están moi ben orientados para a preparación das mesmas. Esta charla foi organizada pola profesora María Cadaval, do Departamento de Economía Aplicada.

A Área de Orientación Laboral organizou no noso centro a presentación de *Decathlon España*. Victor García, director rexional de Decathlon e ex alumno de ADE participou neste encontro.

Ademáis, o alumando da Facultade participou en programas de captación de talento de *Zara* e *Leroy Merlin*.



## Outras actividades desenvolvidas na Facultade

O 23 de marzo tivo lugar na Facultade o Acto central da *III Semana Universitaria da Economía Social na USC* no que a profesora Maite Cancelo Márquez presentou o Informe da Economía Social en Galicia.

En abril o ICE da USC celebrou na Facultade a reunión internacional do proxecto *Role of Universities in the Regional Development*. A delegación estivo composta por 10 universidades xeorxianas, 1 lituana, 1 austríaca e 1 checa, ademáis de representantes do Ministerio de Educación e da Axencia para a calidade educativa de Xeorxia.



O 7 e 8 de xullo tivo lugar na Facultade o 29th Finance Forum, organizado pola Asociación Española de Finanzas e o Grupo de Investigación de Valoración Financeira Aplicada (VALFINAP).

O acto de inauguración contou coa presenza do Vicerreitor de Política Científica, Vicente Pérez Muñuzuri, dos membros do Comité Local, Loreto Fernández e Luis Otero, o Vicedecano de Estudantes e Mobilidade do centro, Adrian Dios, e o presidente de AEFIN, David Martínez Miera.







## Xantar de confraternización

Despois de varios anos sen poder celebrar o xantar de confraternización que se viña facendo con periodicidade anual, o 16 de xuño poidemos disfrutar de novo desa boa costume.

Neste xantar aproveitamos para rendir homenaxe ás persoas que, neste tempo, se foron xubilando e outras que o farán en breve.

Concretamente, no caso do profesorado, as persoas homenaxeadas foron Jaime Barreiro, Xoán Carmona, Francisco Constenla, Ángel I. Fernández, Pilar Freire, Alberto Lozano, Alberto Meixide, Carlos Ricoy, Isabel Méndez, Juan Luis Castromán, Rosario Babío e José Antonio Redondo, e María Jesús Penido, no caso do persoal de administración e servizos.

Ademais, foi tamén unha boa ocasión para dar a benvinda ás persoas que nos últimos tempos se foron incorporando, para que se sintan partícipes desta pequena comunidade que formamos a xente que traballamos na Facultade.



## Defensa de traballos de fin de grao



O 5 de xullo celebrouse na Facultade a defensa de Traballos de Fin de Grao de ADE e Economía, nas modalidades de póster e tribunal. Un total de 136 estudantes presentaron o seu TFG nesta convocatoria co que rematan os seus estudos.



## Actos de graduación



Os actos de graduación da promoción 2018-2022 dos graos da Facultade celebraranse durante o mes de xullo. No caso de ADE terá lugar o 15 de xullo e no caso de Economía o 21. Parabens ao alumnado que remata os seus estudos.

## Acordos relevantes da Xunta e das Comisións da Facultade

### Xunta de Facultade:

- 31 de marzo: concesión do Premio Fulget á empresa Galletas *Daveiga*, renovación dos membros dos representantes do estudantado das diferentes comisións e aprobación dos horarios do curso académico 22-23.
- 4 de maio: aprobación do anteproxecto de memoria para solicitar a verificación do título de Máster Interuniversitario en Xestión e Experiencia de Cliente, elección representante para o Consello do Estudantado da USC e dunha representante de profesorado para a Comisión de Xénero da Facultade.
- 9 de xuño: aprobación da programación docente e do calendario de exames para o curso 22-23. Aprobación da proposta de reparto de orzamento para o ano 2022.

### Comisións Académicas de ADE e Economía:

- 9 de maio: Versión final dunha enquisa para remitir ao profesorado sobre o sistema de avaliación continua.
- 8 de xuño: Supervisión da programación docentes dos graos.

### Comisión de Calidade:

- 13 de maio de 2022: Aprobación a Memoria de Calidade do curso 20-21.

### Comisión de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Servizos:

- 8 de xuño: Aprobación da proposta de reparto do orzamento do ano 2022.

### Comisión de Convalidacións:

- 29 de abril: Aprobación da táboa de recoñecementos entre o Grao en Economía da Universidade de Vigo e o Grao en Economía da USC.